

Os mosteiros, protagonistas da colonización e do proceso de señorialización na Galicia medieval: o exemplo do mosteiro de Sobrado

por E. Portela Silva y M.^a C. Pallares Méndez

Durante muito tempo, a imaxe que da Idade Media ofreceu a historiografía puido sintetizarse, mantendo un certo grao de representatividade, nunha torre almeada. As investigacións máis recentes fixéronnos caer na conta de que tan representativa da época, polo menos, como a torre do castelo é a imaxe do silandeiro claustro do mosteiro. No caso concreto de Galicia atrevémonos a substituír ese «tan representativa» por un «máis representativa». Certo é que en Galicia os mosteiros contan, amáis de cos castelos, co serio competidor que supoñen as sés catedralicias, por riba de todo cando, antre os seus nomes, figura un da sonoridade do de Santiago de Compostela. Ben, ao fin e ao cabo, as catedraes tamén teñen claustro. E, malia todo, non se pode poñer en dúbida a enorme influencia que, conseqüencia do proceso de acumulación de terras durante os séculos XII e XIII, exercen os mosteiros na configuración da sociedade medieval galega. Unha influencia que, se nos cinguimos ao entorno monástico inmediato, o mundo campesino, teremos que calificar de dominante.

Esa é a conclusión á que nos teñen levado as nosas esculcas anteriores. O estudo en profundidade do dominio do mosteiro de Sobrado puxo de manifesto a complexa máquina pola cal ponse en marcha, durante os séculos XII e XIII, todo o sistema de incorporación da propiedade territorial e da súa conseguinte tradución en riqueza. Pero, ao mesmo tempo, a óptica rexional, adoutada nun estudo encol do bispado de Tui, demostra que o peso dos mosteiros —neste caso dos mosteiros de Oia e mais de Melón— na economía e na sociedade da rexión, é real e non resultado do análise illado dun dominio monástico.¹ Nembargantes, as nosas conclusións són aínda provisionaes, se nos referimos á totalidade do espacio xeográfico galego, aínda que, xa que logo, abundan pra enxergar o interés e a necesidade dun estudo de conxunto encol dos mosteiros galegos.

1. M.^a C. PALLARES MÉNDEZ, *Estructura y evolución del dominio del monasterio de Sobrado en la Edad Media (900-1300)* (Santiago 1977), Tesis Doctoral (en prensa). E. PORTELA SILVA, *La región del obispado de Tui en los siglos XII a XV. Una sociedad en expansión y en la crisis* (Santiago 1976).

Naturalmente non é este o ouxetivo que pretendan acadar estas breves páxinas. O que pretendemos nelas e simplemente suliñar, a partir da esculca realizada hastra o momento, aqueles rasgos ou elementos que coidamos poden seren de intrés cara e unha visión global do problema dos mosteiros galegos. Dalgún xeito pódese dicir que este artigo tende unha ponte entre a tarefa realizada por nós hastra agora —é un resumo ou conclusión de certos aspectos da mesma— e un traballo futuro, xa en marcha, encol da colonización cistercense en Galicia, pra o que sirve de introdución.

A documentación relacionada co mosteiro de Sobrado ofrece a posibilidade, non moi frecoente nas instituítiós galegas do mesmo tipo, de ouservar a vida do cenobio dende o século x. Elo permite establecer a contraposición esistente —e a cso respontan os dous apartados do artigo— entre o primitivo mosteiro nado no século x, cunha vida desenrolada sempre á sombra dos nobles laicos seus patrós, e o mosteiro que renasce no 1142 ca implantación da reforma cistercense, e que será xa, de cheo, dono dos seus destinos.

Nobles e mosteiros, na tarefa da colonización impulsada pola monarquía astur-leonesa, durante os séculos IX e X

Nos séculos ix e x atopámonos en Galicia con dous xeitos de vida diferentes. O difícil e obscuro da gran maioría e o dunha minoría de privilexiados que nós exenplificaremos nos condes de Présaras, Hermenexildo e Paterna, fundadores do mosteiro de Sobrado. O papel desta minoría de nobles laicos² foi facilitar a vencellación de Galicia á monarquía astur-leonesa, mediante unha tarfca de dominio e colonización do territorio. Un dos aspectos importantes desta empresa colonizadora ven constituído polas fundaciós monásticas.³ Entre

2. Algo semellante ocorre en Catalunya, onde, asegún asinala VILA VALENTÍ, o noble Sala, fundador do mosteiro de Sant Benet de Bages, a meciados do século x, «era un daqueles "homes majors" que constituiron un factor fundamental na reorganización da Marca. Sala, parente dalgunhas xerarquías políticas e relixiosas, forma parte dunha camada social que está a conseguir unha certa mdurez e que ten clara concencia do rol que está a realizar na reorganización do país». *Ara fa un miller d'anys: el monestir de Sant Benet de Bages*. Recollido en *El món rural a Catalunya*. Barcelona, Curial, 1973, ps. 13 e 14.

3. LINAGE CONDE asinala que «la intensa religiosidad de la época imponía a la colonización un signo sacro y el que mejor permitía a las comunidades humanas en los espacios ganados —al Islam y al bosque— tomar una vestidura a la vez jurídica y sobrenatural era la monástica. Cualquier derivación de la organización jerárquica territorial de la parroquia hubiese supuesto un control canónico más fácil, en tanto que la constitución —y espontáneo y azaroso desarrollo— de nuevos monasterios no topaba con murallas algunas... Con esto no queremos decir que no hubiese otros medios de colonizar, sin apariencias religiosas y con seguridades, pero sí que el terreno venía abonado por la repoblación monástica y la prueba está en la universalidad de su difusión al norte de los ríos Duero y Ebro hasta la duodécima centuria». *Los orígenes del monacato benedictino en la Península Ibérica*. León, Centro de Estudios e Investigaciones «San Isidoro», 1973, t. I, p. 347.

elas, sobresaen, pola súa importancia posterior, as dos mosteiros de Sobrado e Celanova.

Os documentos destes dous séculos preséntannos dous fenómenos de grande importancia, e que son complementarios: a progresiva señorialización e a progresiva diminución dos pequenos propietarios. Dous razóns aparecen como as máis importantes pra explicar este dobre fenómeno. En primeiro lugar, os comenzos dun limitado crecemento demográfico, detectado a partir da metade do século X, fai sentir o seu peso sobor do mundo campesiño e, aínda que é certo que favoreceron a extensión da superficie cultivada por medio das roturacións, non o é menos que favoreceron os repartos sucesorios e a fragmentación da propiedade.⁴ No segundo lugar, é notoria a febleza da autoridade real e a confusión existente entre o poder público e o privado que, a partir do ano 937,⁵ pra o caso que aquí estudamos, concéntranse de xeito indiscriminado nas mans de Hermenegildo, ao serlle otorgado por Ramiro I o goberno do condado de Présaras. Frente ás pouco favorables condicións que se lles ofrecen no século X, os labregos percuran solucións. A axuda mutua, a autodefensa, en primeiro lugar, posíbel gracias a un sistema de poboamento concentrado que facilita a colaboración entre os veciños e crea vencellos entre eles que os xunguen pra facer valer os seus dereitos cara ás outras aldeas e aínda fronte aos señores.⁶ Nestas aldeas, conviven homes de distinta capacidade xurídica e, xa que logo, económica. Pero, nos anos do século X, estas diferencias vanse esvaíndo lenta pero progresivamente. Esa é a conseqüencia da outra solución atopada. Os pequenos propietarios ceibes, aqueles que disfroutan dunhas condicións xurídicas i económicas máis elevadas, enfréntanse ao problema da escasez de terras e danlle solución entrando na dependencia dos poderosos. Esta entrada en dependencia reviste dúas fórmu-

4. Ao indicar a orixen da propiedade sobor da herdade que se vende, dona ou troca, alúdese, na maioría dos documentos, a que foi adquirida por herdo. No ano 858, dónase *hereditatem de villa Salamiri omnem nostram portionem que nos competit inter nostros fratres et heredes tam a parentibus quam de comparatione*. AHN, 976B., folio 30r. No ano 830, os netos de Pompeiano venden a herdade que posuín do seu pai Fáfila e do seu abó en *Villa Pompeiani*. AHN, 976B., folio 31v.

5. Rbén GARCÍA ÁLVAREZ asinala na páxina 49 do seu traballo encol de San Pedro Mezonzo que «en el año 937 ya había sido Hermenegildo nombrado mayordomo de palacio, pues en 9 de febrero de dicho año asiste a la consagración del monasterio de Santiago de Peñalba, y autoriza con tal título, juntamente con el rey, la espléndida dotación con que lo enriqueció el obispo de Astorga, Salomón. Como el 13 de noviembre de 932 desempeñaba este cargo Tructino, es evidente que fue Ramiro II quien nombró a Hermenegildo prepósito de la Casa Real, y aunque no hay noticias intermedias, tenemos derecho a sospechar que este nombramiento se realizó hacia el año 934, en que la documentación del tiempo permite advertir una clara aproximación hacia Galicia del bravo e inteligente, pero desconfiado, Ramiro... Así nos explicamos que, antes, naturalmente, del año 937, Hermenegildo recibiese de manos del rey leonés el gobierno de la tierra de Présaras». *San Pedro de Mezonzo (el origen y el autor de la «Salve Regina»)* (Madrid 1965).

6. M.^a C. PALLARES e E. PORTELA SILVA, *Aproximación al estudio de las explotaciones agrarias en Galicia durante los siglos IX al XII*. Actas das «I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas», vol. II: *Historia Medieval*. Santiago, Universidad, 1975, p. 105.

las. No primeiro lugar, as concesións de terras por parte da nobreza, mediante as que o campesiño ve aumentar a cantidade das que traballa e, aínda a cambio do pago dunha renda, consegue acrescentar lixeiramente o volume da súa.⁷ Hai unha segunda fórmula máis drástica: o campesiño dona as súas terras ao señor, a cambio da protección que este podía fornecelle nos intres de inseguridade ou nas épocas de escasez.⁸ En calquer dos casos, o resultado era o mesmo. Os nobres ven aumentar as súas terras e o número de persoas que as traballan, mentras que os campesiños ven fortalecerse as ataduras que os vencellan á nobreza.

Podemos dicir, pois, que as relacións sociais están mediatizadas polo control que, sobor da propiedade da terra e o exercicio do poder público, detentan nos anos centrais do século X os condes de Présaras, ao que unen, tras da fundación do mosteiro de Sobrado no ano 952, o gran ascendente moral de seren os seus patróns. A tradución desta situación é un modo de vida moi superior ao da maioría dos habitantes do territorio, ao tempo que concentran o prestixio social, cristalizado nos máis altos títulos do momento: o de conde ostentado por Hermenexildo e o seu fillo Rodrigo, e a diñidade episcopal de Santiago á que accede o seu outro fillo Sisnando.


Vencellado a esta nobreza con poderío crescente,⁹ naceu o ano 952 o

7. A mención máis clara de censo pagado por campesiños é a dun documento do ano 1001 que fai referencia a unha situación anterior: No pleito antre o mosteiro de Sobrado e *Lucio Quiriaci* pra determinar a posesión de *villa Bidualdi*, asínálase o seguinte: *et tenentes fratres ipsa villa et suos homines in suo iure pacata venit famis et mortalitas invalida et ex parte morierunt de ipsos homines et ex parte fugierunt in alia terra et dimisserunt ipsas hereditates disertas. Tunc venerunt maiorinos de ipso monasterio et receperunt censuras et usuras de ipsis hereditatibus.* AHN, 976B., fols. 52v e 53r-v.

8. O exemplo máis palmario desto ofrécenolo o campesiño que, pra ganar un pleito, non atopa mellor solución que poñerse baixo o patrocinio do conde Hermenexildo que ha de xuzgalo; Frogiaponse baixo a protección do conde Hermenexildo —xuz no pleito que sostén con Teverano— quen se convirte á súa vez en litigante como representante do encomendado. É o conde quen, tamén como representante do encomendado, recibe, en forma de donación, o cumprimento da sentenza imposta ao perdedor. AHN, 976B., fols. 36v e 37r.

9. Emilio Sáez asinala, ao encetar o estudo dos antergos de San Rosendo, cómo éste «pertencía a una familia cuya historia, desde sus miembros más antiguos, se identifica casi por completo con la del reinoastur-leonés. Ella dio a la naciente monarquía guerreros heroicos, grandes políticos, santos y reinas que desarrollaron en todos los órdenes de la vida, y muy especialmente en el religioso, una beneficiosa labor; aunque tampoco faltaron espíritus rebeldes, que, llevados por la ambición, no vacilaban en levantar armas contra su rey, uniéndose incluso a los invasores». *Los ascendientes de San Rosendo. Notas para el estudio de la monarquía asturleonés durante los siglos IX y X.* Madrid, C.S.I.C., p. 5. Cos datos fornecidos neste traballo polo prof. Sáez, temos composto o seguinte cadro xenealóxico da familia dos condes de Présaras, no que queda patente a existencia na familia doutras persoas que ocupan cárgas importantes, tanto leigos como eclesiásticos.

mosteiro de Sobrado. O seu nacemento encádrase dentro do movemento repoboador e colonizador xurdido, nas terras do Norte de España, tras da invasión musulmana. Movemento impulsado pola monarquía astur-leonesa, que contou pra súa realización co apoio dos nobles leigos, que pónense ao fronte do mesmo e, entre outras cousas, levan a termo unha serie de fundacións de eirexas e mosteiros. Así pois, a fundación de Sobrado inxérese no marco xeral das fundacións monásticas que acompañaron ao proceso de colonización subseguinte á Reconquista e que, como tales fundacións familiares, teñen os seus antecedentes na época visigora. Pero interézanos coñecer os moveis concretos que actuaron no caso da creación do mosteiro de Sobrado. Tres son os que, ao noso modo de ver, preséntanse como máis importantes: a tradición familiar, a espiritualidade característica da época altomedieval, e as motivacións de carácter material. Coidamos intrinsante ter en conta o influxo da tradición familiar, pois tanto aos ascendentes do conde Hermenegildo como aos da súa dona Paterna débese a iniciativa da creación de mosteiros. Os abós do conde Hermenegildo foron os fundadores do mosteiro de San Salvador de Cines,¹⁰ mentras que os pais de Paterna fundaron o de San Xoan de Mera.¹¹ Este ambiente familiar debeu ir formando, tanto no conde de Présaras como na súa dona, a idea de que tamen a eles compríalles continuar a laboura encetada polos seus proxenitores e contribuir, desde xeito, á reorganización do territorio, ao tempo que garantizábase a lembranza dos seus nomes, recollidos pra sempre nas escrituras fundacionaes.¹² A espiritualidade dos



10. Emilio SÁEZ, na páxina 7 do seu xa citado artigo encol dos antergos de San Rosendo, dínos que «estos personajes —los condes Aloito y Paterna, padres de Argilo, madre del conde Hermenegildo— contribuyeron al movimiento de restauración espiritual de Galicia con la fundación del monasterio de San Salvador de Cines».

11. Así, endebén, pode deducirse da donación que a este mosteiro realizou doña Jimena, irmá de doña Paterna, no ano 964, e na que se indica o seguinte: *Ideo que ego sepe dicta Enxemena concedo ipsis sanctis martiribus et ipsis sororibus Gudigeve abatisse et filie eius Tarasie confesse et Deo vote Savarigus seu et omnem tesseractum illius cum omni suo ornamento et monasterium quod genitoris mei in ipso loco construxerunt cum omnibus opibus et adidicis suis.* AHN, 976B., fols. 18v e 19r.

12. «El hecho de ser un monasterio o iglesia de propia fundación, erigido por un mismo, se recordará siempre y se hará constar en las escrituras que versen sobre él, e igualmente si lo construyeron padres o antepasados y de ellos lo hubiera recibido el otorgante del diploma.» José ORLANDIS, *Los monasterios familiares en España duran-*

séculos altomedievaes contribuíra tamén, de xeito importante, á creación deste movemento de cenobitismo repoboador. Tanto a fundación de eirexas como a de mosteiros coídebases unha obra pía mercedora da máis alta recompensa alén da morte. No caso concreto que nos ocupa, convén ter en conta que o matrimonio fundador achegábase ao solpor das súas vidas cando nascía o mosteiro de Sobrado, e que nada ten de estraño que a proximidade da morte e da vida do alén condicionaran o acto fundacional que é enxergado como unha obra redentora dos pecados cometidos.¹³

Acarón do factor relixioso, tamén as necesidás ou as comenencias materiaes xogaron un rol importante na fundación de Sobrado. No primeiro lugar, o control que, en todo momento, van exercer os fundadores e os seus fillos sobor da comunidade monástica é a proba máis evidente do rol xogado polos intréses a que temos aludido. En segundo lugar, as donacións pías canalízanse cara ao novo mosteiro arrequecendo directamente o seu patrimonio, pero beneficiando tamén, indiretamente, aos seus patrós leigos.¹⁴ Tradición, piedade e intrés son as razóns que explican a aparición de Sobrado a mediados do século x.

A evolución do dominio de Sobrado no primeiro século da súa existencia está condicionada polo carácter de mosteiro familiar que non chega nunca a adequirir independencia. A vencellación aos patrós que esto supón, será a causa determinante do rápido crecemento do patrimonio monástico, pero tamén do seu esmorecer e desaparición a mediados do século xi.¹⁵ O medro que o dominio

te la Alta Edad Media. En *Estudios sobre las Instituciones monásticas medievales*. Pamplona, Universidad, 1971, p. 140.

13. Así o pon de manifesto o encabezamento do documento que recolle a fundación monástica: *Nos quoque exigi servi servorum domini scilicet Hermenegildus et Paterna mole peccatorum depressi et nimium de eternis cruciatibus timidi adque gaudiis paradisis satis avidi, non nos quoque in desperatione deicimus, quia teste consciencia sepe fovemur ac de misericordia ipsius seu intercesione sanctorum suorum fiducia pleni manemus. Et cruciatibus eternis queamus evadere et gaudia cum electis perfruire. Si aliquis boni operis domino valuerimus obtulere. Ideoque his et aliter nobis accidenti in hesit animis nostris ut pro remedio animarum nostrarum aliqua de facultate nostra que nobis dominus condonare dignavit.* AHN, 976B?, fols. 3r-v e 4r. Publica LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*. Santiago, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, t. II, apéndice, ps. 139-141.

14. O Padre CARBAJO asinala no folio 221v da súa obra encol da Historia de Sobrado, que os patrós de Sobrado posuían tamén as súas rentas «por ser monasterio de los que llaman de herederos». *Cronicón manuscrito de Santa María de Sobrado*. Copiado en no século XVIII (antes de 1775) polo padre Carbaajo e copiado por Benigno Cortés no 1902. (Consérvase na Biblioteca General de la Universidad de Santiago.)

15. A relación do mosteiro ca nobleza leiga do momento e o comportamento deses nobles leigos é o que determina a evolución do dominio monástico e, por fin, a desaparición do mosteiro de Sobrado como centro dunha comunidade monástica. Quer decir, a súa evolución e desaparición non se comprenden sen ter en conta que se trata dun cenobio familiar e que, como tal, percorre o camiño asinalado polos seus patrós. Vexamos a evolución máis estensa do mosteiro de Sobrado no seu pelengrinar duns señores leigos a outros. Os primeiros patrós foron, xa que logo, os condes fundadores da casa monacal. Son, por elo, os encarregados de fornecer ao mosteiro tanto os bens territoriaes necesarios prá mantenza da comunidade, como os libros e os ouxectos do culto. Deste xeito quedan establecidos os alicerces do dominio que logo

de Sobrado esperimentou entre os anos 952 e 977, débese ao trasvase da propiedade dos bes da familia condal de Présaras ao mosteiro, que sigue a ser controlado polos membros de aquela.¹⁶ Este patronato atrai outras donacións ao cenobio, especialmente as donacións reais, que xunto cas compras e os cambeos realizados polo propio mosteiro, completarán o seu patrimonio e determinarán a área xeográfica do seu influxo directo (véxase mapa). Resultado de todo elo é que, nun prazo de 25 anos, o mosteiro atopouse cun dominio amplo e diverso, no que podense distinguir dúas partes: o conxunto mesto das propiedades no condado de Présaras e terras arredor, e o grupo de propiedades espalladas nunha serie de territorios que van dende a costa Norte de Galicia hastra a confluencia dos ríos Miño e Avia. Esta amplitude do dominio, tendo en conta as dificultades que supuña a administración, explícase só polo interés, común á nobleza altomedieval, de abastarse de todos os produtos a espensas dos seus dominios.¹⁷

A etapa de crecemento representou un incremento das rentas, posto que aumentaron as que proviñan da propiedade da terra, ao aumentar o número de posesións, e medraron tamén as outidas polo exercicio da xurisdicción. Capítulo moi importante este último, tras da concesión por Ordoño IV da regalía sobor do condado de Présaras, e por Ramiro III de parte da dos de Nalar, Parga, Nendos e Meira.¹⁸ O aumento do influxo de Sobrado que todo esto supón, repercutiu tamén de xeito favorable sobor das rentas derivadas do exercicio da función espritoal, desempeñada sobor dun número de homes meirande cada vez.¹⁹ Por

acrescentaríanse cas sucesivas adquisicións feitas polo cenobio. Desaparecida a condesa Paterna, o control do mosteiro é exercido por Hermenexildo e o seu fillo Sisnando, quen, á morte daquel, seguirao exercendo, conxuntamente co seu irmán Rodrigo e a dona deste, Elvira. Morto o bispo Sisnando, e morto tamén, sen descendencia, o seu irmán Rodrigo, o mosteiro de Sobrado queda baixo o patrocinio da súa muller, Elvira. Desaparecida ésta, arredor do ano 977, Sobrado deixa de estar baixo o control dos descendentes direitos da familia fundadora e pasa a ser propiedade de Munia e Gutier, sobriños da condesa Paterna. Tras da morte de Munia, que ocorreu con posterioridade ao 1042, os condes Segeredo Aloítez e a súa dona Adosinda Arie convírtense nos novos patrós.

16. A título de exemplo véxase o inventario do que donaron os condes de Présaras e os seus fillos ao mosteiro de Sobrado, redactado no ano 971 e recollido nos folios 41v e 42r-v do Códice 976B.

17. Verbo a esto, asinala SLICHER VAN BATH: «Las posesiones de los grandes terratenientes estaban dispersas por las más diferentes regiones. No se debía esto al azar, sino que obedecía a la idea de asegurarse el abastecimiento de toda clase de productos: fincas rústicas en las comarcas agrícolas para la provisión de grano; en las pobladas de viñas, para el vino». *Historia agraria de Europa Occidental (500-1850)*. Barcelona, Ed. Península, 1974, p. 62.

18. 968: *comitatos nostros quam et pro avios nostros et parentes atque unguine regio per comiso nos obtinuerunt avios et parentes et predecesores vestros Hermenegildus et Paterna, Sisnandus episcopus et suus germanus Rudericus usque fine, isti sunt de comitatu de Mera III, de Nallare IIII sicuti cum heredibus vestris debitum divisistis per nostram concessionem usque necnon et Parriga media et III de comitatu Nemitos*. AHN, 976B., fols. 38r-v e 39r.

19. «Esas minúsculas células religiosas iniciais —iglesias propias y monasterios familiares— constituyeron, por tanto, las primitivas parroquias rurales, dentro de las cuales se suscitó pronto, entre sus feligreses, la costumbre de ofrendar al santo titular

fin, o crecemento da renda monacal permitiu ao cenobio dispor duns escedentes de produción que, ofrecidos nos escasos mercados da época, deberon de contribuir a redondear a cuantía da mesma.²⁰ Sobrado destinou a riqueza outida, polos procedementos que vimos de reseñar fundamentalmente, ao consumo directo: mantenza da comunidade e da familia condal, xunto cos seus amigos e clientes, e sostén e axuda dos pobres e peleríños.²¹ Outra parte, dende logo notabelmente inferior á devandita, foi destinada ao consumo indireito, quer dicir á adquisición dunha serie de bens non producidos no dominio. O resto dos escedentes repar-

las primicias de las cosechas en cantidad indeterminada, que luego fue fijándose más concretamente en el décimo de los productos obtenidos. Obligados a satisfacerlo se hallaban no sólo los colonos y siervos que, afectados a una determinada parroquia, explotaban los campos del propietario de aquélla, sino todos los habitantes —propietarios o collazos y casatos de otros dominios— que utilizaban los servicios religiosos de la mencionada iglesia; su monto iba a parar a los encargados del culto y, en definitiva, al señor de la misma.» J. A. GARCÍA DE CORTÁZAR, *El dominio del monasterio de San Millán de la Cogolla (siglos X a XIII). Introducción a la Historia rural de Castilla Altomedieval*. Salamanca, Universidad, 1969, p. 241. Sobrado exercía a función espritoal directamente dende o propio mosteiro, ou indireitamente, a través das dazaséis eirexas enteiras e a metade de unha poseídas. A carón das rentas cobradas por mor da propiedade das eirexas, as esmolos deberon constituiren outro importante capítulo de ingresos. Tales esmolos foron otorgadas ao mosteiro tanto polos nobles como polos campesíños, ben baixo da forma de esmola penitencial, ben como agradecemento polo beneficio recibido pola intercesión dalgún santo venerado no mosteiro.

20. A participación na empresa mercantil levouse a termo de dous xeitos distintos. O primeiro, que supón o dereito de regalía, polo que o mosteiro debé cobrar correspondentes taxas nos lugares onde tiñan logar os troques. O segundo, pola venda dos escedentes da produción. Malia que nas fontes non haxa nengunha mención directa da actividade comercial, unha serie de indicios, como son a especialización dos cultivos, a importancia da ganadeiría, a fabricación de oxuetos artesans, a produción de ferro, fannos albiscar a probabilidade da súa existencia.

21. É importante suliñar que, dende o mosteiro, concédenselle posesións pra que poida atender á mantenza dos pobres e pelegríns. Así, na donación feita polos condes no ano 952, lécese: *Ideoque hec omnia concedimus ut per manus Gilvire abbatisse vel qui ea successerit existat spensum in necessariis virginum vel religiosarum in loco ipsius deservientium, necnon et fratrum qui in vita sancta ibidem leve cristigeno portaverint iugo ut equaliter habeant per capita portione sicuti et religiosas qui Cristo fuerint ibidem militavire seu in helemosini pauperum vel victum egentium ad hospicium viarorum vel ad substantiam peregrinorum*. AHN, 976B., fols. 3r-v e 4r. Verbo ao consumo do mosteiro, convén non esquecer o que asinala Witold KULA falando da nobleza leiga, pois sabemos que os nobles fundadores do mosteiro recolléronse nel durante unha parte da súa vida. Di KULA: «El consumo propio del dueño del dominio y de su familia es aquí lo de menos. Lo importante, en cambio, es que la posición social del noble en aquella sociedad jerarquizada estaba determinada por el número de sus clientes, a los que era preciso dar de comer y beber. Los "gorrones" y los parientes pobres en la pequeña hacienda, y las grandes casas señoriales: los criados, la milicia y la multitud de nobles agasajados en cualquier ocasión en los palacios y castillos de los magnates, son fenómenos de la misma categoría. Otro elemento aparte de la clientela, que determinaba la posición del noble en la escala jerárquica, era el boato feudal.» *Teoría económica del sistema feudal*, Madrid, Siglo XXI, 1974, p. 56.

tíronse ante inversións improductivas —edificaci3n no cenobio²² e adquisici3n de ouxetos de culto— e produtivas —marcar terras²³ e empr3stimos aos labregos—,²⁴ sendo maior a cantidade adicada 3s primeiras que 3s segundas. Semella craro que, como consequncia do arriquecemento que caracteriza esta primeira fase, Sobrado ve crecer o seu influxo no arredor no que se asenta, hastra converterse nun dos mosteiros con m3is forza dentro de Galicia.

A segunda fase do dominio do mosteiro familiar de Sobrado vai dos anos 977 ao 1042. Dentro dela p3dense enxergar a3nda dous per3odos, caracterizado o primeiro —entre os anos 977 e o 1006— polo estancamento, e o segundo —entre os anos 1006 e 1042— pola decadencia. Os s3ntomas desta evoluci3n son, por unha parte, a mingua das adquisici3ns do mosteiro (v3xase gr3fico) e, como consequncia, o estancamento das suas rentas. E, por outra, as dificultades que agora aparecen arredor da xesti3n do dominio: pleitos co bispo de Lugo²⁵ e cos veci3os de *villa Bidualdi*.²⁶ Estos pleitos demostran unha certa mingua do

22. Na donaci3n feita no ano 955 polo bispo Sisnando e o seu pai o conde Hermenexildo, faise referencia 3s habitaci3ns dos monxes e ao claustro con estas palabras: *qui ad edificationem habitationem que monachorum tibi servientium claustra cenobii construit*. AHN, 976B., fols. 1v, 2r-v e 3r.

23. O mosteiro familiar de Sobrado realiz3u 8 compras de terras entre os anos 958 e 995.

24. Dous son os termos que designan nos documentos os empr3stimos realizados polo cenobio ou por alg3n membro da comunidade: *usuras* e *renovo*. O primeiro aparece no pleito do ano 1001, que xa coñecemos, entre Sobrado e os veci3os de *villa Bidualdi*, que, con referencia a unha situaci3n anterior, di: *tunc venerunt maiorinos de ipso monasterio et receperunt censuras et usuras de ipsis hereditatibus post partem monasterii*. Atopamos o segundo nun documento do ano 1023 que tam3n fai alusi3n a unha 3poca anterior. Munia, *confesa* de Sobrado, dona a Gutier, presb3tero, a metade dunha *villa* no val de Meira; *villa* que lle fora concedida por Zenda *pro meo renovo et non habui unde mihi compleret illo renovo et dedit mihi ipsa villa media*. AHN, 976B, fols. 52v e 53r-v, e AHN, 976B, fols. 19v e 20r.

25. Arredor do ano 987 soste3nen un pleito os de Sobrado c m3is a catedral de Lugo. O ouxeto do mesmo era aclarar a propiedade sobor de certos homes habitantes do condado de Pr3saras, e a sentencia foi favorable ao cenobio. Nela debeu xogar un rol importante a actuaci3n de Pedro Mart3nez, bispo xa de Santiago, que deu testemu3a en favor de Sobrado, indicando como Ordo3o IX fixera donaci3n do condado ao mosteiro. AHN, 976B., fols. 39v. e 40r-v. Publica E. HINOJOSA, *Documentos para la historia de las Instituciones de Le3n y de Castilla (siglos X-XIII)* (Madrid, 1919), ps. 5 a 8. PEREZ DE URBEL asinala que a data deste documento esta trabucada e que, en realidade, pertesce ao derradeiro ano (998 ou 999) do reinado de Bermudo II. *Sampiro y la monarqu3a leonesa del siglo X*. Madrid, C.S.I.C., 1952, p. 65.

26. AHN, 976B., fols. 52v e 53r-v. Coidamos intresante suli3ar os datos fornecidos por este documento. Menci3nase nel a despoboaci3n de *villa Bidualdi* por mor da fame. Como resultado dela, a metade dos habitantes morreron e a outra metade fuxiu, deixando as3 despoboada a aldea. A despoboaci3n trouxo como consequncia a súa desaparici3n, xa que non volve a aparecer nos documentos nin existe na actualidade. As visitas ao lugar onde estivera instalada —cons3rvase a toponimia menor, que permitunos coñecelo con esactitude— e a axuda da fotograf3a a3rea, levaronnos a detectar restos baixo terra da primitiva aldea. Tendo en conta os datos —preciosos nunha 3poca de moi esqui3as informaci3ns documentales— que unha escavaci3n poder3a aportarnos, mantemos a espranza de que alg3n d3a poidamos encetala.

influxo antergo do cenobio. Por fin, a donación, no 1006,²⁷ do mosteiro ao conde Menendo González —o conde máis importante de Galicia neste intre— pon de manifesto a perda de importancia no conxunto da nobreza galega dos seus patrós: os sobriños da condesa Paterna, aos que pasara o mosteiro ao morreren sen descendentes os fillos dos condes. Dende o intre en que o mosteiro é donado *post mortem* por doña Munia e os seus irmans, os síntomas da decadencia acenúanse aínda máis, e todo elo-vai nunha estreita relación co indubidabel desintrés polo mosteiro que debeu de caracterizar aos seus patrós, conscentes de que, á súa morte, o cenobio deixaría xa de formar parte do patrimonio familiar. A partir do 1023, desaparecen por completo as alusións documentales a Sobrado, e nas primeiras décadas da segunda metade do século XI ten lugar a súa desaparición como comunidade monástica, por mor das loitas que, nesta época, enfrentaron a parte da nobreza galega, partidaria de Bermudo III, co novo Rei de Castela e León, Fernando I. É este monarca quen, victorioso, incorpora o edificio e as propiedades do deixado cenobio ao patrimonio real no 1060.²⁸

O protagonismo monástico na obra colonizadora impulsada polos monarcas castelán-leoneses nos séculos XII e XIII

O mutismo das fontes sobor do mosteiro de Sobrado, comenzado como temos xa visto no ano 1023, rómpese no 1118, cando a raíña doña Urraca e o seu fillo Alfonso VII devóltanllo aos condes de Traba, herdeiros dos derradeiros posesores. Van ser os condes de Traba, don Bermudo e don Fernando, os que, a instancias do imperante Alfonso VII, donen, no 1142,²⁹ o edificio e as vellas posesións do cenobio que neste intre están aínda desocupadas, a un fato de cistercenses franceses que veñen de Claraval. Dende esta data volve a vida ao claustro de Sobrado, traguida por unha nova comunidade que, con total independencia, enceta a etapa máis brillante do mosteiro de Présaras. Co fato de monxes brancos chegaron ás terras de Présaras os ventos anovadores que o Cister estaba a espallar por todo o Occidente europeo.³⁰ Poida que o rasgo máis anovador deste novo esprito sexa o exemplo de orden relixiosa integrada e universal que os cistercenses deron á Eirexa. Pero pra nós é, riba de todo, importante suliñar aquel aspecto da reforma cistercense que, dentro do conteso xeral da percura de Regoa Bieita na súa nidiez, fai fincapé na necesidade dunha volta ao traballo manual. Esto supuxo o renacemento da explotación dereita dos dominios monásticos vencellados a esta orden. Dende o primeiro intre da conversión de Sobrado en mosteiro cistercense, as fontes falan con claridade

27. AHN, 976B., fol. 44r-v.

28. Esta é a data que indica CARBAJO no folio 20v da súa historia manuscrita de Sobrado.

29. AHN Clero Sobrado, carp. 526, n.º 10.

30. David KNOWLES, *El monacato cristiano*. Madrid, Guadarrama, 1969, p. 93; Rvdto. David H. WILLIAMS, *The Welsh cisterciens. Aspects of their Economic History*. Pontypool, The Griffin Press, 1970, p. 14.

desta explotación da terra levada a cabo polos propios monxes. Así aparece con claridade no documento de entrega do mosteiro e terras aos doce monxes chegados de Claraval. Neste documento especificase que se lles conceden as propiedades que pertesceran ao Sobrado familiar e que neste intre estaban desocupadas, non traballadas polos campesiños, dado que estas non as querían os novos monxes.³¹

Insistimos en que a volta a explotación directa preséntase, dende o noso punto de vista, como o aspecto máis anovador da orden cistercense, pois que posibilitou a tarefa colonizadora de Sobrado, levada a termo non só nas terras acarón da casa central, senon en boa parte de Galicia, e aínda tamén en zonas das actuais provincias de León, Zamora e Palencia. Esta tarefa colonizadora que, de xeito xeral, levaron a termo todos os mosteiros cistercenses no Occidente de Europa, viuse facilitada polas seguintes razóns: a tendencia á instalación nas zonas marxinaes que, en boa medida, esplicase pola densa ocupación das mellores terras no intre da aparición da nova orden;³² a incorporación, como man de obra, dos irmans leigos, cuio número compre supor elevado, si temos en conta o crecemento que está a experimentar a poboación no século XII; e, por fin, a introdución do sistema de granxas, proba dunha planificación e adeministración moi perfeizoadas. Todo elo, como imos ver, permitiu a posta en explotación, por parte do mosteiro de Sobrado, de todas cras de terras, tratando, en cada caso, de axeitar os cultivos ás condicións naturais, e acadando así unha especialización das diversas zonas nas que vaise instalar o mosteiro.³³

A chegada dos monxes brancos produciu a revitalización do mosteiro de Sobrado. Pero este fato de monxes cistercenses non chegou ás lonxanas terras de Galicia por casualidade, senon que, moi probabelmente, foi chamado polo mesmo rei Alfonso VII ou polos condes de Traba, estreitamente vencellados ao monarca, como se deduz da protección que de xeito inmediato brindaron ao

31. *Omnes alias hereditates que iacent in circuitu monasterio et ab antiquo eius fuerunt damus eas et concedimus iam sepedicto monasterio extra ecclesiam de Codessoso et illum servicialem videlicet Munionem Roderici et illos villanos cum suis propriis hereditatibus qui nolunt eas fratres.* AHN, Clero Sobrado, carp. 526, n.º 10.

32. O Padre Luis LEKAI asinala este aspecto na súa obra encol dos monxes brancos: «Seguramente os cistercenses non pedían gran cousa ao mundo que os arrodaba: voltáronse de costas ao decadente sistema de adeministración feudal da propiedade monástica e, no seu amor á sinxeleza, á pobreza e á soedade, contentáronse con terras que ninguén quería: fragas salvaxes e non esplotadas, páramos e lameiros. De feito, non tiñan outra elección, visto que todas as terras laborabels estaban xa ocupadas na época en que eles apareceron.» *Les moines Blancs*. Paris, Ed. du Seuil, 1957, p. 60.

33. Esta planificación e axeitamento ás circunstancias concretas é tamén unha característica xeral da orde cistercense, como pon de manifesto Maur COCHERIL: «Un axeitamento intelixente era unha condición esencial pra que arraizase o mosteiro. O rol dos monxes era, neste punto e con frecuencia, esencial. É o abade quen orienta nun senso determinado a actividade da rexión na que se asenta a abadía. E esta actividade tense mantido con frecuencia até os nosos días.» *Etudes sur le monachisme en Espagne et au Portugal* (Paris-Lisboa, 1966), p. 366. O sistema de visitas e o Capítulo Xeral permitiron, é de supoñer, o intercambio de coñecementos e opinións encol dos máis diversos puntos, e coidamos que non quedaron fora deles as custións referentes á explotación máis racional das terras que cada mosteiro poseía.

mosteiro dende o comenzo desta segunda xeira da súa existencia. ¿Qué intreses moveron a Alfonso VII e aos seus sucesores a contribuir, non só ao establecemento dos cistercenses no mosteiro de Sobrado, senón tamén ao crecemento do seu dominio e do seu poder público, cunha serie de donacións de terras e concesións de xurisdicción? Polos anos nos que o abade Pedro e os monxes que o acompañaron ocupábanse na instalación e arraizamento do novo mosteiro cistercense, o monarca castelán-leonés planificaba e levaba a termo a reconquista do territorio peninsular nas mans dos alarbios.³⁴ Ao mesmo tempo, Alfonso VII desenrolaba unha tarefa de —colonización dos territorios baixo— a súa potestade, tanto nos recentemente conquistados ao Islam como nos que, xa dende había moitos anos, estaban en poder dos cristiáns. É neste contexto da colonización interior do reino no que pode enxergarse mellor a presenza dos monxes brancos e a súa estreita colaboración ca monarquía. Esta estreita colaboración do mosteiro de Sobrado na colonización impulsada pola monarquía castelán-leonesa, é visible non só nas terras inmediatas ao cenobio, senon tamén nas terras alonxadas do centro monacal, algunhas delas situadas no norte de Galicia —montes de Prior e Brión— e outras situadas no sul de Galicia —antre a confluencia do Miño e o Sil—. Esta actividade colonizadora non se vai cingir só ás terras de Galicia, senon que, da man, como sempre, da nobleza e máis da monarquía, os monxes cistercenses, aos que entón podemos xa chamar galegos, cruzan a barreira do macizo galaico pra se instalar nas terras da meseta do Douro (véxase mapa). Si dentro de Galicia a colonización realizouse fundamentalmente por medio da instalación de granxas, á outra banda dos montes as concesións condales ou reais supuxeron a fundación de novas abadías filiaes de Sobrado.³⁵

A alianza ca monarquía e máis ca nobleza son os condicionamentos concretos que explican a formación e o rápido crecemento do dominio do mosteiro de Sobrado, pero, a carón destes, existen unha serie de condicionamentos xeracos que tamén fixeron posíbel a progresiva ampliación xeográfica do dominio. O novo mosteiro xurde nun intre de expansión xeral, cuíos síntomas son o crecemento demográfico, o aumento da produción e o renacemento urbano, que ven xa acompañado de e acompaña á axilización dos troques. Sobrado beneficiase desta coiuntura económica expansiva, pero contribuí tamén a facela posíbel. O acrecemento do número de homes supón pra o mosteiro a posibilidade de aplicar nas súas terras, en forma de conversos ou de alugados, unha maior forza de traballo que se traduz no aumento da produción do dominio. Do mesmo xeito, as nacentes cidades convírtense en centros de demanda que dan pulo a este aumento de

34. Lembremos que, durante o reinado de Alfonso VII, acadouse o dominio definitivo do val do Texo e, despois do tratado de Tudilén, que firmou con Ramón Berenguer IV no 1151, aparece un planteamento global da reconquista dos territorios aínda en mans islámicas: arránxase un plan de reconquista no que os dous grandes poderes peninsulares —as coroas de Aragón-Cataluña e de León-Castela— fan partixa previa dos territorios musulmans que cadaquén heberá de incorporar aos seus dominios. J. A. GARCÍA DE CORTAZAR, *La época medieval*, Madrid, Alianza Editorial, 1973, p. 168.

35. No 1176 a abadía de Benevivere. AHN, 977B., fol. 26r, e no 1200 a de Borges. AHN, Clero Sobrado, carp. 533, n.º 20. A súa creación debeu de supoñer a aparición de novas granxas seguindo un esquema semellante ao da abadía central.

produción. Así, pois, o mosteiro beneficiase da expansión xeral. Pero decimos que a favorece tamén. Realmente, de maneira xeral, a planificación racional do dominio que caracteriza ao Sobrado cistercense e, de xeito particular, ás innovacións técnicas, tanto no ferramental —emprego do ferro³⁶ e, de xeito especial, o emprego do arado de vertedeira—³⁷ como nos sistemas de cultivo, tradúcense nun aumento da cantidade de produtos hortícolas e gandeiros outidos. E pola vencellación directa co mundo urbán, Sobrado trasvasa estes escendentes de produción agraria aos novos núcleos, facendo así posíbel o desenrolo.

Estas condicións concretas e xeras permítennos entender mellor a ampliación do dominio monástico e explican, riba de todo, o aumento de poder social do mosteiro. Pero intresa tamén sobrancear agora que a ampliación do dominio responde a uns plans racionais postos de manifesto ao ouservar as cinco áreas xeográficas perfectamente diferenciadas nas que o dominio divídese: En primeiro lugar, a nódoa central do dominio, que, espallándose polas cabeceiras dos ríos Tambre, Mandeo e Ulla e —tras rebasar os montes da Coba da Serpe— por unha parte de chaira outa de Lugo, é a zona de máis densa apropiación monástica, como demostran as trece granxas eiqú edificadas. No segundo lugar, as terras que asoman ás Rías Altas, entre o Cabo Prior e a Ría de Corme. O terceiro conxunto esta constituído polas terras de viña situadas á beira do tramo central do Miño, antre a desembocadura do Sil e a do Avia. Por fin, a outra banda dos montes que peñan Galicia polo Este, O Bierzo e os vals do Cea e Esla comuletan o escenario no que se instala o dominio (véxase mapa). En cada unha destas áreas pode enxergarse o rol dominante de certos produtos que sobresaen antre os que compoñen a explotación. O centeo e a gandeiría na zona achegada ao cenobio: os produtos do mar, nas posesións costeiras; o viño, nos vals do Miño e do Sil e no Bierzo; o trigo, nas terras que centran o Esla e o Cea, son os protagonistas da produción nas cinco áreas xeográficas situadas nunha e noutra banda do Macizo Galaico. As 531 donacións e as 577 compras (véxase gráfico) que, agrupadas arredor de trinta granxas (véxase mapa), sirven

36. Fernando II concede a Sobrado, no 1173, o non pagar portazgo nin peaxe polo ferro que se estraia de Pedrafitas. AHN, 977B., fol. 20r-v. No 1189, Alfonso IX confirma ao mosteiro a posesión do *venarum de ferro*. AHN, Clero Sobrado, carp. 531, n.º 20. Sabemos que o mosteiro de Sobrado explotaba, na súa primeira época, a mina de ferro de Pedrafitas. Os monxes brancos non só seguiron a explotar a mina, senon que, a xuzgar pola creación perto dela da granxa de Constantín e pola instalación nesta dunha forxa prá fundición do metal, preocupáronse seriamente polo seu rendimento. Á posesión e explotación desta mina de ferro, compre engadir, pra percatarmos da importancia que se lle daba a este metal na explotación do dominio de Sobrado, a existencia dun equipo de ferreiros antre os servos mouroos que traballan no mosteiro: cinco son os ferreiros que se asinalan como integrantes do grupo de servos: *Petrus Adan ferrarius*; *Iohanne Iohannis et Fernanduz Iohannis et admo ferrarii*; *Iohanne Petri ferrarius*; *Iohannes Galafre ferrario*. AHN, 977B., fols. 50r-v e 51r.

37. Os documentos demostran que o arado de vertedeira existiu na práctica, e danlle o nome de *avessadoyro*: nun pleito do ano 1292, un testimonio di: *Pero Martin de Santaya jurado e preguntado disso que vio huna vez lavrar os frades de Sobrado cum III avessadoyros ou IIII o villar que a nome Ooys*. AHN, Clero Sobrado, carp. 544, n.º 11.

pra materializar, ao longo dos séculos XII e XIII o dominio de Sobrado nas cinco áreas, parécennos espresivas dabondo da súa mañitude.

Da mañitude do dominio derívase, xa que logo, a mañitude das rentas. Unhas rentas necesariamente cuantiosas, si temos amais en conta que, libre de todo tipo de trabucos reais³⁸ ou eclesiásticos³⁹ a totalidade da produción pasaba directamente ao mosteiro e que o peso da explotación recaía fundamentalmente sobor do equipo de conversos e sobor dos habitantes dos cotos xurisdicionacs obrigados a unha serie de prestaciós en traballo,⁴⁰ constituindo todos eles,

38. Vexamos alguns exemplos. 1152. Alfonso VII concede a Sobrado que *non detis portaticum de aliquo habere vestro*. AHN, Clero Sobrado, carp. 527, núms. 1 e 2. Fernando II concede ao mosteiro que *omnes domos vestras quas habetis in Burgis Camini et in civitatibus et in omnibus villis tocius regni et omnes homines que in ipsis habitaverint de petito, de fossado et de omni fisco et foro regio. Nulli igitur potenti vel impotenti nobili vel ignobili maiordomo sive sagioni liceat de cetero ullum forum a domibus vestris vel ab illis hominibus qui ibi habitaverint exigere vel eos super hoc inquietare*. AHN, 977B., fol. 21r e v. No ano 1286, Sancho IV confirma á Orden do Cistel en Galicia e ao mosteiro de Sobrado en particular, o privilexio de Alfonso X do 1272, no que se decía a Xoan Fernández, Merino Maior de Galicia: *vos mando que le non demandedes los yantares que vos lieven el conducho a otros lugares nin que vos den las mulas nin dineros por ellos ssi non assi como fue husado en tiempos de los otros Reyes que ffueron ante de mi. Et si alguna cosa les avedes tomado como non deveades por cada una destas cosas entret gelo luego*. AHN, Clero Sobrado, carp. 544, núms. 3 e 4. Publica Mercedes GAIBROIS, *Historia del reinado de Sancho IV de Castilla*. Madrid, «Revista de Archivos Bibliotecas y Museos», 1922, p. LXVI, doc. n.º 103.

39. Vexamos alguns exemplos. 1147. O Papa Euxenio III confirma au suas posesiós a Sobrado, e declarao esimido de pagar o dezmo: *sane labores vestrorum quos propriis manibus et sumptibus colitis sive de nutrimentis vestri animalium nullos a vobis decimam exigere presumat*. AHN, Clero Sobrado, carp. 526, n.º 14. Alexandro III pide ao arzobispo de Braga que esima á Orden do Cistel de pagar os dezmos. AHN, 977B., fol. 6r. 1176. Alexandro IV concede á Orden do Cistel: *indulgemus ut ad prestationem aliquarum collectarum subsidiorum et aliarum exactionum imponedarum vobis et domibus vestris a sede apostolica seu legatis cuiusdem*. AHN, Clero Sobrado, carp. 544, n.º 6.

40. Duas son as ocasiós nas que aparece claramente especificada a obriga, de parte dos vasallos do mosteiro, de realizar estas prestaciós persoales: No 1168, Sobrado sostén un pleito con don Pedro Muliz, fillo do conde don Munio e da condesa Lupa Pérez e cunha grande multitude de campesinos sobor da terra de Sobrado (acadada antre os linceiros acotados por Alfonso VII ao mosteiro no ano 1151); na sentencía asinálase que o cenobio obterá destes habitantes na terra de Sobrado *suos sarpentarios et petrarios et buarios et vaccarios et equarios et cuncti custodes peccorum sive gregum et ceteri qui pro victu et vestitu vel stipendiis in cunctis domibus suis servire voluissent vel cum illis ambulassent et liberos et quietos illos et omnia sua habuissent et si magis eis necesse fuisset sponte et non in vietus eos requissi requisissent*. AHN, 977B., fol. 17r-v. Nesta ocasión, son os habitantes da terra inmediata ao cenobio os que teñen que levar a cabo prestaciós persoales. Pero tamén han realizalas os vasallos de Sobrado que poboan os cotos máis alonxados do centro do dominio. Vémolo así no caso de Villanueva, no val de Cea, en terras de Zamora, onde un documento do ano 1215 pon de manifesto con toda claridade a existencia destas obrigas de traballo: *Quod quandiu morarentur in ipsa villa esent nostri vasalli, etc, singulis mensibus dent II operas cum bobus et I cum corporibus suis, et qui non habuerit; et ipsas operas in unuquoque mense debemus requiere, ita, quod si non demandaverimus in suo mense non possumus eas demandare in alio*. AHN, 977B., fol. 81r.

conversos e vasalos, unha man de obra á que, lóxicamente, compre calificar de barata. Ás rentas das terras hai que engadir, doutra banda, o que Labrousse chama a *renta feudal*,⁴¹ derivada do exercicio do poder público, consecuencia da alianza do poder público co mosteiro e á realización da misión relixiosa que còmprelle como institución eclesiástica. O exercicio do poder público, consecuencia da alianza cunha monarquía non dabondo forte e que non atopa, pra fortalecerse, máis camiño que ceder parte do seu poder aos seus aliados, ten como marco físico o conxunto dos cotos. Os beneficios pra o mosteiro foron importantes, tanto os que, en diñeiro, outiña da administración da xusticia e do arrecadamento dos trabucos,⁴² como, e poida que por riba de todo, os que, como xa temos visto, outiña dos vasalos en forza de traballo. O dezmo,⁴³ as esmolos, as múltiples donacións nas que pode detectarse unha motivación de carácter relixioso⁴⁴ amostan que tamén o rol de director espritoal supuxo pra Sobrado un incremento das súas rentas. Parte de todo este conxunto de rentas é consumido directamente polo mosteiro, pero a outra parte é empregada en inversións que, como a concesión de empréstitos, as melloras técnicas e a adecuación de bens, non fan senon incrementar de volta o volume das rentas.

Este crecemento decotío da renta de Sobrado leva consigo un desequilibrio económico antre o mosteiro e a grande maioría dos homes que habitan nas terras nas que se asenta o seu dominio. E o desequilibrio económico xenera o desequilibrio social. Amplios sectores do campesinado non puideron beneficiá-

41. «A la renta pagada en especie se une otra categoría de ingresos, específica del antiguo régimen, los diezmos y los derechos feudales pagados en especie. Su fundamento jurídico es muy diferente y lo es también su carácter económico, pero estas cuasi rentas representaban entonces prestaciones demasiado importantes para silenciarlas.» E. LABROUSSE, *Fluctuaciones económicas e historia social*. Madrid, Tecnos, 1962, p. 186.

42. Fernando IV fai, no 1300, a Sobrado confirmación de privilexios anteriores: *Dámosles que hayan para siempre jamás todos los pechos et pedidos e servicios que nos ovieron a dar sus vasallos que morasen en los sus cotos et en los sus lugares. Salvo ende moneda forera et jantar que rretenemos para nos cada quales acaesçier delo dar*. AHN, Clero Sobrado, carp. 544, n.º 18.

43. O Capiduo Xeral da Orden autorizou aos mosteiros cistercenses pra que, dende o 1230, cobrasen o dezmo. Lembremos, neste senso, cómo as primitivas disposicións da Orden prohibían, vista á pobreza conventual, perceber dezmos, ofrendas de fideles, dereitos de sepultura, rentas de eirexas e de altares, do mesmo xeito que prohibíalles a adecuación de explotacións agrícolas cos seus colonos e servos. O Papa Inocencio IV concede, no ano 1248, á Orden do Cistel que *in parrochiis illis in quibus vobis veteres decime sunt concessae novalim quoque de quibus aliqui hactenus non percepit pro portione qua veteres vos contingunt perceperis veleatis*. AHN, Clero Sobrado, carp. 541, n.º 16. Verbo de isto asinala José Luis MARTÍN cómo «... los derechos eclesiásticos, los diezmos entre ellos, son una fuente importante de ingresos en productos y en dinero y hacen posible la supervivencia de los eclesiásticos, la existencia de sobrantes y su dedicación a la compra de nuevos bienes». *Diezmos eclesiásticos. Notas sobre la economía de la sede zamorana (s. XII-XIII)*. «Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas», vol. II: *Historia Medieval*, Santiago, Universidad, 1975, p. 69.

44. Do total de 531 donacións, en 351 casos, quer decir no 65'9 %, o sentimento relixioso —*pro remedio anima mea, ab remissionem peccatorum meorum*, etc.—, dase como motivo de donación.

rense, como temos visto xa que fixo o mosteiro, do intre de expansión xeral. O aumento do número de fillos nas familias labregas e a necesidade de diñeiro levaron consigo o esnaquizamento e a alleación frecoente das terras. Nestas condicións, a protección do poderoso foi unha solución á que houbo que recurrir con frecuencia. Sobrado une á súa condición de rico a de poderoso, e así pode mercar terras, retelas como garantía de empréstimos ou recibir donacións. Por todo elo podemos decir que o rol do mosteiro de Sobrado nos conxunto das relacións sociais vai medrando decotío ao longo dos séculos XII e XIII. O mosteiro beneficiábase, en primeiro lugar, ca alianza cos poderes xa establecidos, que se traduz nunha serie de privilexios reais e donacións dos nobles, bases sobor das que o mosteiro pon os alicerces da súa riqueza e poder. Riqueza e poder que atraguiron á súa protección ou á súa dependencia un número de persoas cada vez maior. As condicións xa xeraes da época —amingua das propiedades campesinas e aumento das esixencias monetarias— favoreceron este fenómeno no ámeto rural. A dependencia e a protección semellaron nalgun intre escesivas a determinados grupos de campesiños que, no marco da aldea,⁴⁵ da parroquia ou do coto⁴⁶ xurisdiccional⁴⁷ así o manifestaron. Polo momento, Sobrado puido acalar con facilidade estas voces de protesta. Tamén, aínda que quizáis con menos facilidade, como demostran algunhas concesións ás que o mosteiro viuse obrigado nos primeiros anos do século XIV,⁴⁸ puido impoñer o silencio aos homes da cidade, magoados pola presenza de este incómodo competidor.

45. En sete ocasións xúntanse os homes de unha ou dúas aldeas pra poñer un litixio ao cenobio de Présaras entre os anos 1209 o 1263. Os motivos destes enfrontamentos son de tres crases: a propiedade das herdades, o emprego dos bens comunales e os danos causados en terras do mosteiro.

46. A solidariedade campesina maniféstase tamén, aínda que en medida menor, a nivel da parroquia. Non é estraño si temos en conta o rol aglutinante que no mundo rural ten esta institución eclesiástica. Por riba das aldeas, por riba das distintas condicións personales dos campesiños, de súa dependencia de distintos señores, a parroquia constituiu un forte marco da relación social. No ano 1243 ten lugar un pleito entre Sobrado e os homes do coto de San Martiño de Cabruno e Vilanova, dunha parte, e, doutra, *totos homines et cunctu populatum tam clericos quam etiam milites et totos alios laycos de filigresia de Colimbrianos super terminis et divisionibus et hereditatibus suis que iacent inter cautum Sancti Martini de Cabruno et filigresia de Colimbrianos*. Biblioteca da Real Academia Gallega. Fondo documental de D. Manuel Murguía, donado por don Xoan Naya.



47. A solidariedade campesina maniféstase tamén ao nivel do coto, o espacio sobor do que o mosteiro exerce o seu señorío xurisdiccional e de vasalaxe. En ocasións, como demostra o documento anterior, facendo causa común con Sobrado, fronte dun adversario tamén común, pero noutras son os campesiños que o poboan os que se enfrentan ao mosteiro, o seu señor. Non ten nada de solprendente, si temos en conta a capacidade de esixencia que ofrecía ao mosteiro o acotamento polo rei dun espacio concreto. No ano 1349, os habitantes do coto de Aranga enfréntanse co mosteiro, que *les demandaba serbicios e fueros e lutosas e otras dereituras e el senorio que dician que avian de haber en el dicho coto de cada ano e que les fascia sobre esta ragon muchos desaguizados e agravios apremiandolos por ello*. AHN, Clero Sobrado, carp. 548, n.º 4.

48. *Donna Maria por la gracia de Dios... al conçejo de La Crunna e aos Romero Perez juez por mi en esse mismo lugar: salut et gratia, fago vos saber que el abbad et el convento del monasterio de Sobrado se me embiaron querellar et dizen que vos*

Do que non cabe dúbida nengunha é de que, por riba das acaladas voces campesíñas e das algo máis sonoras voces urbans, o mosteiro de Sobrado está no fato cabezaleiro da xerarquía social nas zonas nas que se asenta o seu dominio, o que é tanto como decir, dada a extensión das súas propiedades, en Galicia e aínda tamén no conxunto do reino castelán-leonés.



posiestes postura entre vos que ningun omne de fuera de vuestro lugar que non encerrasse vino y en la villa so pena çierta. Et que el abbad et el convento del monasterio sobredicho que ovieron siempre uso et costumbre de ençerrar y en la villa quanto vino cogian de las sus vinnas. Et otrossi del vender y en el vuestro lugar que les mester era. Et embiaron me pedir merçed que pues que los antecessores usaron sempre convusco assi como sobredicho es que toviesse por bien que esta postura que entre vos posiestes que les non empeçinedes en quanto ellos non ençerrassen y e el vuestro lugar otro vino sinon el de su cogecha. Et yo tovelo por bien et mando que dexedes al abbad et al convento del monasterio sobredicho ençerrar y en la villa fasta en quantia de çient toneles et non mas. AHN, Clero Sobrado, carp. 546, n.º 11.



Mapa 1




- | | | | |
|----------|---|----------------------|---|
| Donación | ● | Pontos de referencia | ● |
| Compras | ● | Vila | ○ |
| | ○ | Vilar | ⊙ |
| | ⊕ | Mosteiro | ⊕ |
| | ○ | Eirexa | ○ |
| | ⊙ | Corte | ⊙ |
| | ● | Illa | ● |
| | ⊙ | Illa con pesqueiras | ⊙ |
| | ▽ | Pesqueiras | ▽ |
| | ▲ | Herdade | ▲ |
| | ■ | Pumares | ■ |
| | □ | Viñas | □ |
| | × | Mina de ferro | × |

Area xeográfica do dominio do mosteiro familiar de Sobrado:
posesións adquiridas entre os anos 952 e 1023





Mecanismos de formación e crecemento do mosteiro familiar de Sobrado



Mecanismos de formación e crecemento do dominio do mosteiro de Santa Maria de Sobrado